

Preguntas

O exame consta de 60 preguntas. Neste cuestionario hai 63 que se deben responder na súa totalidade. As últimas 3 quedan a xeito de reserva, no caso de que algunha fose retirada despois dunha reclamación.

1. Escolla a opción correcta
 - a. Me colles iso?
 - b. Cóllesme iso?**
 - c. Colles me eso?
 - d. Collesme iso?

2. Unha *leira* é:
 - a. Unha festa patronal
 - b. Un soar destinado á construción
 - c. Un terreo de labranza**
 - d. Unha arte de pesca

3. A expresión “Meu profesor de matemáticas sabe moito”
 - a. Non, non se pode empregar o posesivo sen o artigo por non haber relación de parentesco**
 - b. Si, neste caso pódese utilizar o posesivo sen o artigo
 - c. Pódese utilizar sen o artigo na lingua oral, pero non na lingua escrita
 - d. É correcta a opción sen artigo, pero é aconsellable empregar o artigo.

4. Na expresión “A miña tía é boa cociñeira”, é posible utilizar o posesivo sen a presenza do artigo: “Miña tía é boa cociñeira”
 - a. Non, o posesivo debe ir sempre precedido do artigo
 - b. Si, neste caso pódese utilizar o posesivo sen o artigo**
 - c. Pódese utilizar sen o artigo na lingua oral, pero non na lingua escrita
 - d. Son correctas as dúas opcións, pero é aconsellable empregar o artigo.

5. Cal é a frase correcta?
 - a. Ti cando vés?
 - b. Ti cando ves?
 - c. Ámbalas dúas son correctas**
 - d. Ningunha das dúas é correcta

6. Un *ferrado* é:
 - a. Medida de superficie cuxo valor varia dependendo do lugar**
 - b. Medida de superficie que equivale a 500 m²
 - c. Pechadura típica das casas de aldea feita de ferro
 - d. Golpe cunha barra de ferro

7. Cal é a frase correcta?
 - a. Durmo coa miña avoa**

- b. Durmo ca miña aboa
 - c. Durmo con a miña avoa
 - d. Durmo coa miña aboa
8. Cal é a primeira persoa do pretérito de subxuntivo do verbo *facere*
- a. Facera
 - b. Fixese**
 - c. Fizera
 - d. Fixera
9. O plural de *animal*:
- a. Animais**
 - b. Animales
 - c. Animaes
 - d. Animás
10. Cal destas palabras leva acento diacrítico?
- a. Móbil
 - b. Facía
 - c. Súa
 - d. Dáse**
11. Cal é a frase correcta?
- a. Cómpre que veñas á casa**
 - b. Cumpre que veñas á casa
 - c. Compre que veñas á casa
 - d. Cómpres que veñas á casa
12. Cal é a frase correcta?
- a. Miña avoa ten sordeira
 - b. O solfexo é esencial para se iniciar no mundo musical**
 - c. Meu irmán ten unha pasión desmedida pola esgrima
 - d. O amigo do meu pai é abogado de oficio
13. Cal é a frase correcta?
- a. Acabei maravillado coas tortas da comarca
 - b. O can quedou inmovil cando fixen aquel movemento
 - c. A débeda pública non é un tema para se rir a xente**
 - d. Aquel bulto non pasa desapercibido
14. Cal é a oración correctamente escrita?
- a. Non era de Bilbao, se non de Murcia
 - b. Avisa con tempo senón vés
 - c. De atopardes o coche avisade, se non volvede**
 - d. Senón facedes por vervos ides morrer coa pena

15. Cal é a frase correcta?
- a. Os arquitectos non fixeron ben a estrutura
 - b. **Mandáronme facer relato e substituír o que non valía**
 - c. Os obxetivos son ben claros
 - d. A productora despediu a todos os seus afiliados
16. Cal é a frase correcta?
- a. Velai os efectos do alcohol
 - b. Velahí os efectos do alcohol
 - c. **Velaí os efectos do alcohol**
 - d. Velahí os efectos do alcol
17. Palabra correctamente acentuada?
- a. Aparéncia
 - b. Héroe
 - c. **Olimpíada**
 - d. Dílle
18. Cal é a primeira persoa do plural do infinitivo conxugado?
- a. Acadamos
 - b. **Acadarmos**
 - c. Acadaramos
 - d. Acadardes
19. Cal destas oracións é correcta?
- a. **Tiven que entrar pola xanela, non tiña chaves**
 - b. Estiven varrendo todo o día coa basoira
 - c. O camiión pasa dúas veces cada hora, mira o reloxo
 - d. Esta zoa de Santiago é privilexiada
20. Que frase é incorrecta?
- a. Vou para a casa con tódolos meus amigos
 - b. Vou para a casa con todos os meus amigos
 - c. **Vou para a casa con todo-os meus amigos**
 - d. Vou para a casa cos meus amigos todos
21. Cal é a frase incorrecta?
- a. **Os profesores universitarios cobran menos caos fontaneiros**
 - b. Os profesores universitarios cobran menos ca os fontaneiros
 - c. Os profesores universitarios cobran menos cóos fontaneiros
 - d. Os profesores universitarios cobran menos que os fontaneiros
22. Cal é a frase correcta?
- a. A túa irmán comprou ben de calcetís
 - b. **Túa irmá comprou ben de calcetíns**
 - c. Túa hirmá comprou ben de calcetíns

d. A túa irmá comprou ben de calcetis

23. Cal é a frase correcta?

- a. **Hai moi poucos osos en Galicia; están en perigo de extinción**
- b. Hai mui poucos ósos en Galicia; están en perigo de extinción
- c. Hay moi poucos osos en Galicia; están en peligro de extinción
- d. Hai mui poucos ósos en Galicia; están en perigo de extinción

24. Cal é a frase correcta?

- a. **Fora el quen mo dixera**
- b. Fóra el quen mo había dito
- c. Fora él quen me-o dixese
- d. Fora él quen mo había dito

25. Cal é a frase correcta?

- a. **Ide amodo por aquela estrada**
- b. Vade a modo por aquela estrada
- c. Ide amodo por aquela carretera
- d. Ide despacio por aquela estrada

26. Cal é a frase correcta?

- a. Non to dixer nunca, non quería que o souberas
- b. Non cho dixer nunca, non quería co superas
- c. **Non cho dixer nunca, non quería que o soubeses**
- d. Non díxenho nunca, non quería que o soubeses

27. Cal é a frase incorrecta?

- a. Sabe-lo que queres non é nada malo
- b. Saber o que queres non é nada malo
- c. Saber que queres non é nada malo
- d. **Sabelo que queres non é nada malo**

28. Hai unha frase que é incorrecta:

- a. Rompíchesme o lapis nada máis collelo
- b. Aquel rapaz fixo vinte quilómetros nun tempo impresionante
- c. Os bocexos son fundamentais para traballarmos correctamente
- d. **Meu avó e os seus abogados sempre están a pelexar**

29. Cal é a frase correcta?

- a. Ninguén quere me dicir onde van as miñas chaves
- b. **Ninguén me quere dicir onde van as miñas chaves**
- c. Nadie me quere dicir onde van as miñas chaves
- d. Ninguén quere-me dicir onde van as miñas chaves

30. Cal é a frase incorrecta?
- a. Para se dirixir ó director cómpre facelo formalmente
 - b. Para se dirixir ó director cumpre face-lo formalmente**
 - c. Para dirixirse ó director debémolo facer formalmente
 - d. Para te dirixir ó director cómpreche facelo formalmente
31. Hai unha frase correcta
- a. Nós pola nosa e vós pola vosa conta**
 - b. Nos por a nós e vos por a vós conta
 - c. Nós pola nós e vós pola vós conta
 - d. Nós por a nosa e vós por a vosa conta
32. Que é unha fiestra?
- a. Festa popular en que a xente acode a un santuario
 - b. Abertura na parede para deixar entrar o aire e a luz**
 - c. Unha ferramenta típica do agro, empregada para *fiestrar* un valado
 - d. Porta típica das casas de aldea, con dúas aperturas (superior e inferior)
33. Hai unha frase correcta
- a. Non me dese conta antes
 - b. Non dérame de conta antes
 - c. Non me dera de conta antes**
 - d. Non me déra de conta antes
34. O verbo *entendermos*
- a. É unha forma de infinitivo conxugado
 - b. É unha forma de antepretérito
 - c. É unha forma de presente
 - d. É unha forma de futuro de subxuntivo e tamén do infinitivo conxugado**
35. Na frase *Non me deixan meus pais*, o pronome *me* está diante do verbo por:
- a. Ser a colocación estándar do pronome
 - b. Ir precedido dun adverbio de negación**
 - c. Ser a forma elixida polo parentesco do suxeito
 - d. Ser o que indican as Normas Ortográficas do Idioma Galego
36. Hai unha frase correcta
- a. Onte non saístedes de casa
 - b. Onte non salistedes da casa
 - c. Onte non saístes da casa**
 - d. Onte non saíchedes da casa
37. Cal é a frase correcta?
- a. Non me deixan de ocorrer cousas estrañas**
 - b. Non me deixan de ocorrer cousas estrañas

- c. Non me deixan de ocorrer cousas extrañas
- d. Non me déixan de ocorrer cousas estrañas

38. Hai unha serie incorrecta:

- a. Viaxar, espido, asinar, bóla
- b. Branco, perfume, leira, beirarrúa
- c. Lealdade, billa, sarabia, grella
- d. **Zoa, expor, pé, estender**

39. Elix a frase incorrecta

- a. **Abre o dicionario pola páxina 39**
- b. Xulgar unha persoa sen coñecela é duro
- c. Pecha a porta cando saias
- d. Súboche algo?

40. Hai unha frase correcta:

- a. Onte me bebín moitas cervexas
- b. **Onte bebín moitas cervexas**
- c. Onte bebinme moitas cervexas
- d. Onte bebín moitas cervezas

41. Elix a frase correcta

- a. Os cociñeiros colleron cadansúa sartén
- b. **Os cociñeiros colleron cadansúa tixola**
- c. Os cociñeiros colleron sendas tixolas
- d. Os cociñeiros colleron cadanseu sartén

42. Elix a serie correcta

- a. Cor, chuchamel, mesilla, pregunta
- b. Asamble, pó, ardilla, cadeira
- c. **Camisola, ordenador, avogado, marabilloso**
- d. Peto, encaixe, mel, xaula

43. Que é un nó?

- a. **Lazo que se fai de maneira que sexa difícil de soltar por si só**
- b. Xogo tradicional
- c. Un tipo de barco típico da Mariña Lucense
- d. Planta medicinal amplamente utilizada para aliviar doenzas respiratorias

44. Hai unha frase incorrecta

- a. **Que non quepa ningún tipo de dúbida**
- b. Ábreme a porta
- c. Onte fun ó cine porque baixaron os prezos
- d. Na súa casa sempre hai un recendo a caldo irresistible

45. Hai unha frase correcta

- a. **Souben que me botarían do traballo dende o primeiro día**
- b. Supen que me botarían do curro dende o primeiro día
- c. Souben que botaríanme do choio dende o primeiro día
- d. Soupen que me botarían do traballo dende o primeiro día

46. Hai unha frase incorrecta

- a. Comerás o que haxa
- b. Agarda, que non chego
- c. **Quéroche muito**
- d. Nunca me esqueceréi deste momento

47. Hai unha frase correcta
- a. **Que eu saiba, a carne adoita ser vermella**
 - b. Que eu sepa, a carne soe ser roxa
 - c. Que eu saiba, a carne suele ser vermella
 - d. Que eu saiba, a carne adoita ser bermella
48. Indique a frase correcta
- a. Él está indo pa atrais
 - b. **El está indo para atrás**
 - c. El esta indo pa atras
 - d. Él esta a ir para atrás
49. O nocello forma parte
- a. Das extremidades superiores
 - b. Do intestino delgado
 - c. Do peito
 - d. **Das extremidades inferiores**
50. Que é un beizo
- a. **Cada unha das partes carnosas que limitan a abertura da boca**
 - b. Xesto que consiste en tocar algo ou a alguén cos labios
 - c. Un tipo de planta silvestre
 - d. Tipo de peixe
51. Só unha destas frases é correcta
- a. Acabao rápido, teño moita presa
 - b. **Acábao rápido, teño moita présa**
 - c. Acabao rapido, que teño muita presa
 - d. Acábao rápido, que teño moita prisa
52. Hai unha frase correcta
- a. Bebéronse cinco cervexas antes de volver á casa
 - b. Pregunteille a Pedro se gustáballe o peixe
 - c. **Ducheime e saín da miña casa**
 - d. Él díxome que o deixara en paz
53. Hai unha frase correcta
- a. Non lle din o libro á Xosé
 - b. É unha muller moi femenina
 - c. **Estou farto de ti**
 - d. Xan non fixéra nada ca súa vida ata entonces

54. Sinale a correcta

- a. **Ao chegaren á vila, xa tocara a banda**
- b. Ó chegar a vila, xa tocara a banda
- c. Ó chegaren a vila, xa había tocado a banda
- d. Ao chegar á vila, xa tocara a bánda

55. Escolla a serie que só ten palabras femininas

- a. Sal, leite, inxuria, mesa
- b. **Viaxe, vantaxe, árbore, canle**
- c. Traxe, cárcere, orde, dote
- d. Análise, fouce, bronquite, ponte

56. Hai unha forma incorrecta

- a. **Rompéronlle os osos pola tarde**
- b. Cando estaba no monte viu un oso
- c. A esa árbore fáltalle unha póla
- d. Non lle deron nada de comer

57. Hai unha forma correcta

- a. Ela viu dende Madrid esta mañá
- b. Ela véu dende madrid esta mañán
- c. **Ela veu dende Madrid esta mañá**
- d. Ela veu desde Madrid ista mañá

58. Escolla a serie correcta

- a. Lixivia, ril, praia, igrexa
- b. Conexo, saúde, antoxo, baralla
- c. **Vermello, burbulla, po, verme**
- d. Peine, pobo, mesa, roxo

59. Escolla a forma correcta

- a. Espereiche todo o día, e non me quixeches abrir a pórtá
- b. Espereite todo o día, e non me quixestes abrir a pórtá
- c. Espereiche todo o día, e non quixechesme abrir a porta
- d. **Espereite todo o día, e non me quixeches abrir a porta**

60. Escolla a serie correcta

- a. Durmo, dormes, dorme, dormimos, durmides, dormen
- b. Dormo , durmes, dorme, durmimos, dormides, durmen
- c. **Durmo, dormes, dorme, durmimos, durmides, dormen**
- d. Durmo, dormes, durme, dormimos, durmides, dormen

Preguntas de reserva (débense responder)

61. Escolla a forma correcta

- a. **Eu quéroo moito, pero estame a sacar moi malas notas**

- b. Eu querolle moito, pero estame sacando moi malas notas
- c. Eu quéroo moito, pero me esta sacando mui malas notas
- d. Eu quérolle muito, pero estame a sacar moi malas puntuacións

62. Escolla a serie correcta

- a. **Sempre cho digo, e nunca me fas caso**
- b. Sémpre to digo, e nunca me fas caso
- c. Sempre cho digo, e nunca fásme caso
- d. Sémpre digocho, e nunca me fas caso

63. *Andade* é

- a. A primeira persoa do plural do presente de indicativo do verbo andar
- b. A primeira persoa do plural do futuro de indicativo do verbo andar
- c. A primeira persoa do plural do infinitivo conxugado do verbo andar
- d. **Unha forma de imperativo do verbo andar**

64. Que frase está formada coa segunda forma do artigo?

- a. **Come-lo caldo**
- b. Comer o caldo
- c. Come lo caldo
- d. Comelo caldo

65. Cal é a frase correcta?

- a. **Tiña a bolboreta na man**
- b. Tiña a bolboreta na mao
- c. Tiña a volvoreta na man
- d. Tiña a volboreta na mao